

## María Andrea Casamayor y de la Coma (Zaragoza, s. XVIII-23 de outubro de 1780 )



Destacou polos seus coñecementos sobre a aritmética.

Escribiu dúas obras, baixo o pseudónimo masculino de Casandro Manes de la Marca y Arioa. O primeiro, *Tirocinio aritmético* (1738), dedícase a ensinar a sumar, restar, multiplicar e dividir dunha maneira sinxela e accesible para todos. Tivo grande importancia na época, pola necesidade de aplicar estas operacións á agricultura ou á gandaría.

Pódese considerar a María Andrea Casamayor como pioneira da *innovación*, aplicación da investigación e desenvolvemento, *I + D*, ao percorrer varios oficios estudando, en cada caso, como mellorar a produción. Esta obra contén incluso un tratado de pesos, medidas e moedas, coas súas equivalencias na época.

O segundo, *El para sí solo*, non chegou a publicalo. O seu manuscrito quedou en poder dos herdeiros da autora, que o difundiron. Nel demostra os seus profundos coñecementos matemáticos, ao mostrar distintas aplicacións matemáticas na vida cotián. Esta obra está considerada como un importante estudo de aritmética aplicada.

Grazas ás súas publicacións, achegou a aritmética ás clases populares.